# SOÑOS Á BEIRAMAR

Texto de ROSA E. GANTES

Ilustracións de RAFA ANTÓN




Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €

**Soños á beiramar** (galego)
ISBN 978-84-1343-157-4. Libros para soñar. Demademora.

**Sueños en la orilla** (castelán)
ISBN 978-84-1343-158-1. Libros para soñar.

**Sonhos à beira-mar** (português)
ISBN 978-989-749-159-7. Livros para sonhar.

*De camiño, Tainá lembrouse de Luana,*
*a pequena veciña que chegara había pouco á vila.*
*As dúas naceran no mesmo país e deseguida se fixeran amigas.*
*Pasou pola súa casa e chamouna a berros:*
*–Luana! Vamos xogar co papaventos!*
*Coma un lóstrego, Luana apareceu e xuntas marcharon á praia.*

Unha tarde de final de verán, Tainá convidou a Luana, a pequena veciña que acaba de chegar á vila, a xogar co seu papaventos na beira do mar.

Nun espazo acaído para xogos e confidencias, no que se percibe a sensación de liberdade, as evocacións do vivido, a saudade e a percepción das ausencias contribúen a que a súa amizade se fortaleza.

Unha misteriosa mensaxe atopada nunha botella, aínda por descifrar, axudará a entender que, ás veces, os soños poden cumprirse.

Un relato expresado artisticamente cunha combinación de cores suaves que transmite con transparencia a intensidade da luz branca e os tons azuis dese océano compartido que se perde no horizonte.




■ **Temática:** saudade, amizade, emocións, sentimentos, comunicación.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** veciñanza, integración, migración, verán, praia, mar, xogo, infancia, soños.

■ **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/soños-a-beiramar-g

## Rosa E. Gantes

Nacida en São Paulo (Brasil) e establecida en Galicia, dirixiu e dinamizou grupos de teatro. Mestra e actriz, funda en 1986 a compañía Faba na Ola coa que actúa por Galicia, Portugal e Brasil. Na actualidade forma parte do grupo de teatro Eu. Experimento, ligado ao Centro Cultural Português de Vigo, e tamén da Escola Municipal de Teatro de Cangas.

## Rafa Antón

Naceu en Galicia e actualmente reside en São Paulo (Brasil), onde traballa para produtoras de cine e axencias de publicidade creando guións gráficos, deseño de personaxes ou como director de arte para animación. Realizou deseños para revistas e ficción, ilustrou máis de 15 obras para o público infantil e colaborou con diversas editoriais.

www.Kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com